

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020349	IES de Sanxenxo	Sanxenxo	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	2ª Lingua estranxeira - Francés	1º ESO	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	31
4.2. Materiais e recursos didácticos	32
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	33
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	33
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	34
6. Medidas de atención á diversidade	34
7.1. Concreción dos elementos transversais	37
7.2. Actividades complementarias	37
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	38
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	40
9. Outros apartados	41

## 1. Introducción

Segundo regula o Decreto 183/2022, do 26 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, a presente programación desenvolve o currículo da materia 2ª Lingua estranxeira - Francés en 1º ESO no centro educativo 36020349- IES de SANXENXO.

A materia Segunda Lingua Estranxeira: Francés impártese en 1º ESO como obrigatoria e conta cunha carga semanal de 2 sesións.

O Departamento de Francés, neste curso académico, ten encomendada a docencia de 3 grupos da materia 2ª Lingua estranxeira - Francés en 1º ESO que constan co seguinte número de estudantes, aínda hai que facer a avaliación inicial na que algúns alumnos pasarán a ser exentos de 2ª lingua estranxeira : 27 (1ªA), 28 (1ªB) e 28(1ªC) .

Ao iniciar o 1º curso da educación secundaria obrigatoria, o alumnado desenvolveu xa suficientemente a súa competencia comunicativa e pode recoñecer sen dificultade as esixencias de adecuación demandadas polos compoñentes das distintas situacións de comunicación; ao longo da educación primaria desenvolveu unha metalinguaxe suficiente para identificar diferenzas e similitudes entre as linguas; e o contacto con polo menos unha lingua estranxeira púxoo en relación, aínda que sexa elemental ou pouco profunda, con culturas e interaccións diferentes ao seu contexto habitual. Isto permitiu o desenvolvemento de actitudes de curiosidade, empatía, reflexión e tolerancia, ao que contribuíría, igualmente, a súa escolarización no noso sistema educativo, respectuoso e comprometido coa diversidade. Neste primeiro curso, preténdese que o alumnado inicie a progresión na súa madurez lingüística e social para ampliar as marxes da súa competencia plurilingüe e pluricultural.

No actual contexto de globalización, o coñecemento de linguas é un requisito imprescindible. Mediante a competencia plurilingüe e pluricultural, o alumnado poderá mobilizar o repertorio plural dos recursos lingüísticos e culturais das linguas que conformen o seu repertorio lingüístico (linguas cooficiais da nosa comunidade, linguas estranxeiras -vivas ou clásicas- e linguas de migración, se é o caso) e así enfrontarse á necesidade de comunicar noutra lingua estranxeira apoiado polos coñecementos e experiencias lingüísticas e culturais adquiridos en todas as linguas coñecidas ou aprendidas.

O ensino de linguas estranxeiras é un proceso complexo que implica definir unha apropiada metodoloxía, unha concepción da linguaxe e a aplicación dunha estratexia didáctica que facilite ao alumnado o desenvolvemento das súas habilidades lingüísticas de acordo coas súas necesidades comunicativas, que intentaremos crear na clase.

Na aprendizaxe dunha lingua estranxeira, neste caso o francés, preténdese que o alumnado valore a nivel persoal e académico a riqueza que supón o coñecemento da lingua francesa, lingua falada nos cinco continentes por máis de 200 millóns de persoas no mundo enteiro. Na Unión Europea, ocupa o 2º posto como lingua materna. Trátase da 2ª lingua máis ensinada do mundo.

Esta programación adopta o enfoque comunicativo que o Consello de Europa promove no Marco Común Europeo de Referencia para a aprendizaxe das linguas estranxeiras.

Esta programación estrutúrase en 6 unidades didácticas cun peso na materia progresivamente ascendente e cun peso específico para cada un dos tres bloques da materia: Comunicación, Plurilingüismo e Interculturalidade (70, 20 e 10 % respectivamente) considerando que cada un dos criterios de avaliación se desenvolve progresivamente ao longo de cada unidade didáctica.

A programación está baseada no principio de flexibilidade, inclusión e atención á diversidade e intentaremos adaptala ás características, necesidades e intereses do alumnado tendo en conta o contexto sociocultural e económico do 36020349- IES de Sanxenxo.

Todo isto obriga a ter unha maior flexibilidade á hora de programar, e sobre todo á hora de levar a cabo a práctica da programación, en función da resposta do alumnado, para intentar que poidan lograr unha base sólida, que lles permita comunicarse en francés cun nivel aceptable de autonomía. Neste sentido, é importante motivar e atender persoalmente a todo o alumnado, e intentar que sintan a materia como algo útil, que lles serve para comunicarse, e en moitas ocasións para poñerse ao día nos seus estudos e adquirir máis información á hora de integrarse no seu futuro campo profesional.

A interculturalidade, a transversalidade así como a interdisciplinariedade son constantes ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe competencial: historia (datos relevantes, acontecementos históricos), matemáticas (cálculos, problemas), xeografía, estudio do medio, lingua (etimoloxía, préstamos lingüísticos, crucigramas, referencia continua ás linguas propias), música e artes plásticas (cancións, debuxos, collages, cadros representativos da pintura europea), psicoloxía (tests persoais), literatura (cómic, poemas, escritores franceses clásicos e modernos). Isto debe conseguirse mediante o exercicio do diálogo, lecturas, material audiovisual e multimedia, o que lles permitirá asemade reforzar os seus coñecementos noutras materias que estean estudando. As actividades complementarias propostas contribúen a estas finalidades. Tamén se procurará a integración da competencia dixital ao longo do desenvolvemento desta programación.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información relevante e predicible en textos sinxelos e ben estruturados, en lingua estándar relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do nivel escolar, e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma adecuada e coherente mensaxes que respondan a propósitos comunicativos cotiáns.	1	1-2	1	2	5		1	3
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións sinxelas, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3		
OBX4 - Mediar entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos simples, resumir ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer, ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais.	5	3			1-3	3		1

## Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	UD1 - On commence!	<p>Os saúdos en francés, o seu uso axeitado e a cortesía: bonjour, salut, au revoir, s'il te plaît, s'il vous plaît, merci, Madame, Monsieur et Mademoiselle.</p> <p>Comparación de vocábulos da lingua francesa cos de outras linguas.</p> <p>Identificación de persoas con qui est-ce?, c'est e ce sont.</p> <p>Frases para empregar na aula.</p> <p>O alfabeto.</p> <p>Os días da semana.</p> <p>Os meses.</p> <p>As estacións do ano.</p> <p>Os números de 0 a 10.</p> <p>Diferencia tu/vous.</p> <p>Situación xeográfica de Francia e algunhas cidades francesas.</p> <p>Presente de indicativo do verbo être e s'appeler e pronomes suxeito. A pregunta e a resposta para presentarse. Verbos do primeiro grupo (ler).</p> <p>Estratexias para ler en voz alta: as grafías ai, oi, ou, u e ç os seus fonemas correspondentes. As consoantes finais e o e mudo final.</p>	10	10	X		
2	UD2 - Dans ma classe	<p>Vocabulario da clase: material e materias</p> <p>Sistema escolar francés.</p> <p>Artigos definidos.</p> <p>Artigos indefinidos.</p> <p>Os pronomes tónicos moi et toi.</p> <p>Identificación de obxectos con Qu'est-ce que c'est?, c'est / ce sont</p> <p>Questions avec est-ce que...?</p>	10	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	UD2 - Dans ma classe	A negación ne...pas. Algúns países de Unión Europea, as súas nacionalidades e linguas. Os números do 0 ao 31. O presente de indicativo do verbo avoir. A idade e o aniversario. A concordancia dos adxectivos cualificativos en xénero e número. O Nadal.	10	10	X		
3	UD3 - Ma famille	A familia. Os adxectivos posesivos. Adxectivos para a descrición: as cores. Os números do 31 ó 50. Vocabulario dos transportes. Preposicións con cidades e países. Diferencia c'est / il est / elle est Interrogativo Comment ? La liaison Verbe aller	15	12		X	
4	UD4 - Mes loisirs	A causa: pourquoi e parce que. As actividades e o ocio. O deporte. Instrumentos musicais. Verbos jouer e faire. Interrogativo quel / quelle /quels /quelles Pronomes tónicos. A expresión da opinión e dos gustos persoais. Os números do 50 ao 100. Formulas para convidar, aceptar e rexeitar. Monumentos de Francia. Os sons /y/ e /u/	15	12		X	
5	UD5 - Mon quotidien	A hora e os horarios. Léxico do corpo. Vocabulario das actividades cotiás. O artigo contracto. Verbo prendre Conectores d'abord, puis, ensuite, plus tard, pour finir O Tour de Francia Números ordinais Discriminación /b/ /v/. Discriminación /s/ /z/	25	13			X
6	UD6 - Voyage voyage!	Vocabulario meteorolóxico Sensacións físicas: frío, calor, fame, sono... O imperativo Expresións impersoais il fait /il faut Interrogativo Combien ? Vocabulario da viaxe Vogais nasais As vacacións dos franceses.	25	13			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	UD1 - On commence!	10

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer o sentido global moi evidente e as informacións específicas máis elementais de textos orais, escritos e multimodais breves e elementais sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma facilmente comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Extraer cando menos o 50% do sentido global moi evidente e da información máis elemental. Textos de saúdos e de presentación moi básicos.	PE	50
CA1.2 - Usar de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes de textos moi elementais: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	De forma guiada, recoñecer e facer un uso suficiente de estratexias básicas de comprensión en textos moi elementais.		
CA1.3 - Comprender descrições, narracións, instrucións moi elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas moi básicos previamente traballados, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito cun ritmo moi pausado e articulando moi claramente.	Comprender cando menos o 50% de textos de saúdos ou presentacións moi básicas		
CA1.5 - Redactar textos curtos e moi elementais a partir de modelos moi sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	Redactar textos curtos e moi elementais intelixibles (saúdos e presentacións), aínda que se cometan erros.		
CA1.6 - Completar formularios e documentos moi elementais nos que se solicite de maneira evidente información persoal moi básica, en soporte tanto impreso como dixital.	Completar cun grao de corrección suficiente (50%) formularios e documentos moi básicos. Exemplo: inscrición nunha biblioteca		
CA1.7 - Aplicar de forma guiada coñecementos estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	Ter consciencia dalgunhas estratexias e aplicalas na súa maioría de forma guiada. Ex: tu/vous		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.11 - Comprender preguntas elementais e dar e comprender información sinxela relativas á información persoal moi básica (nome, idade, domicilio etc.), así como instrucións e peticións simples relativas ao ámbito escolar.	Comprender e dar a comprender información sinxela cando menos no 50% das veces. Exercicios de comprensión moi básicos. Exemplo: escribir algo deletreado en francés (alfabeto)		
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Explicar de xeito comprensible e cun grado de corrección do 40% o proceso de produción de textos e de inferencia de significados.		
CA1.4 - Producir oralmente textos curtos moi elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas moi cotiáns prestando atención á articulación, ao ritmo, á acentuación e á entoación para facer o texto intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia.	Producir oralmente textos curtos moi elementais (saúdos e presentación) intelixibles, aínda que se cometan erros de pronuncia.		
CA1.8 - Pronunciar de xeito intelixible, mesmo cometendo algúns erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	Pronunciar de xeito intelixible, mesmo cometendo erros de pronuncia. Ex: non pronunciar o e final		
CA1.9 - Participar en situacións interactivas moi breves e simples, cara a cara, establecendo contacto social elemental, intercambiando información moi básica, manifestando os seus gustos, facendo invitacións elementais e ofrecementos, e pedindo e dando indicacións suficientes para ir a un lugar.	Facerse comprender cando menos no 50% das veces nas que participa en situacións interactivas moi breves e simples. Textos de saúdos e presentacións		
CA1.10 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Interactuar suficientemente cando menos no 50% das veces. Pedir repeticións sempre que o precise. Participación na clase usando a lingua francesa sempre que sexa posible		
CA1.12 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Ter consciencia dalgunhas das estratexias traballadas e aplicalas na súa maioría.	TI	50
CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Amosar de xeito xeral esa actitude de respecto.		
CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible, de interese inmediato, de palabras e de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, palabras de menús, prezos, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Transmitir eficazmente a información, cando menos no 50% das ocasións. Textos de saúdos e presentacións moi básicas		
CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Ter consciencia da totalidade das estratexias traballadas e aplicalas na súa maioría facendo uso dos recursos oportunos.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.	Comparar e contrastar, cando menos, as similitudes e diferenzas máis básicas e evidentes (léxico, fonética, estruturas morfosintáxicas moi básicas...).		
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Facer unha autoavaliación dos seus progresos de maneira aproximada á realidade e ser quen de aplicar algunhas das estratexias traballadas para mellorar a súa competencia comunicativa.		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	Identificar satisfactoriamente a maioría dos progresos e dificultades na aprendizaxe. Aplicar e compartir novas estratexias de logro.		
CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	Recoñecer o 50% dos estereotipos, rexeitando o 100% dos discriminatorios e prexuízos. De forma guiada, explicar satisfactoriamente o 50% dos casos de diversidade que se presenten.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais, como formas de vida, hábitos, horarios etc., e lingüísticos.	Amosar respecto cara a diversidade de xeito habitual.		
CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Evitar estereotipos de xeito habitual. Valorar positivamente a súa competencia plurilingüe.		
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	Utilizar as convencións máis básicas adecuadamente, cando menos no 50% das ocasións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Uso das estratexias básicas para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais moi breves, elementais e contextualizados.</li> <li>- Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións moi elementais da vida cotiá (identificar unha persoa, transmitir unha listaxe de ítems do léxico aprendido).</li> </ul>

## Contidos

- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saúdos básicos habituais, despedidas e presentacións; identificar características moi elementais de persoas, obxectos e lugares; preguntar e dar respostas concretas sobre cuestións moi básicas cotiás; expresar a cantidade, situar no espazo e secuenciar o presente (horarios e momentos do día).
- Uso de modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (felicitacións, notas, listaxes ou avisos).
- Utilización de unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade (persoas e obxectos) e as súas propiedades (existencia, inexistencia), cantidade e número, e formas elementais de afirmación, exclamación, negación e interrogación.
- Utilización de léxico elemental e de interese para o alumnado relativo a relacións interpersoais elementais e próximas, vivenda e fogar, lugares e contornas próximas.
- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais moi elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura guiada e selección de información como dicionarios, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos elementais de locucións básicas, para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
2	UD2 - Dans ma classe	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer o sentido global moi evidente e as informacións específicas máis elementais de textos orais, escritos e multimodais breves e elementais sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma facilmente comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Extraer cando menos o 50% do sentido global moi evidente e da información máis elemental. Textos sobre a escola		
CA1.2 - Usar de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes de textos moi elementais: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	De forma guiada, recoñecer e facer un uso suficiente de estratexias básicas de comprensión en textos moi elementais relacionados coa escola.		
CA1.3 - Comprender descrições, narracións, instrucións moi elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas moi básicos previamente traballados, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito cun ritmo moi pausado e articulando moi claramente.	Comprender cando menos o 50% de descrições, narracións, instrucións moi elementais en relación coa escola.	PE	50
CA1.5 - Redactar textos curtos e moi elementais a partir de modelos moi sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	Redactar textos curtos e moi elementais intelixibles, aínda que se cometan erros, relacionados coa escola ou coa propia descrição.		
CA1.6 - Completar formularios e documentos moi elementais nos que se solicite de maneira evidente información persoal moi básica, en soporte tanto impreso como dixital.	Completar cun grao de corrección suficiente (50%) formularios e documentos moi básicos. exemplo: inscrición nun clube de lectura do colexio		
CA1.7 - Aplicar de forma guiada coñecementos estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	Ter consciencia dalgunhas estratexias e aplicalas na súa maioría de forma guiada		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.11 - Comprender preguntas elementais e dar e comprender información sinxela relativas á información persoal moi básica (nome, idade, domicilio etc.), así como instrucións e peticións simples relativas ao ámbito escolar.	Comprender e dar a comprender información sinxela cando menos no 50% das veces.		
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Explicar de xeito comprensible e cun grado de corrección do 40% o proceso de produción de textos e de inferencia de significados.		
CA1.4 - Producir oralmente textos curtos moi elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas moi cotiáns prestando atención á articulación, ao ritmo, á acentuación e á entoación para facer o texto intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia.	Producir oralmente textos curtos moi elementais intelixibles, aínda que se cometan erros de pronuncia. Textos relacionados coa escola.		
CA1.8 - Pronunciar de xeito intelixible, mesmo cometendo algúns erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	Pronunciar de xeito intelixible, mesmo cometendo erros de pronuncia.		
CA1.9 - Participar en situacións interactivas moi breves e simples, cara a cara, establecendo contacto social elemental, intercambiando información moi básica, manifestando os seus gustos, facendo invitacións elementais e ofrecementos, e pedindo e dando indicacións suficientes para ir a un lugar.	Facerse comprender cando menos no 50% das veces nas que participa en situacións interactivas moi breves e simples en relación coa escola.		
CA1.10 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Interactuar suficientemente cando menos no 50% das veces. Pedir repeticións sempre que o precise.		
CA1.12 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Ter consciencia dalgunhas das estratexias traballadas e aplicalas na súa maioría.	TI	50
CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Amosar de xeito xeral esa actitude de respecto.		
CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible, de interese inmediato, de palabras e de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, palabras de menús, prezos, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Transmitir eficazmente a información, cando menos no 50% das ocasións.		
CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Ter consciencia da totalidade das estratexias traballadas e aplicalas na súa maioría facendo uso dos recursos oportunos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.	Comparar e contrastar, cando menos, as similitudes e diferenzas máis básicas e evidentes (léxico, fonética, estruturas morfosintáxicas moi básicas...).		
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Facer unha autoavaliación dos seus progresos de maneira aproximada á realidade e ser quen de aplicar algunhas das estratexias traballadas para mellorar a súa competencia comunicativa.		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	Identificar satisfactoriamente a maioría dos progresos e dificultades na aprendizaxe. Aplicar e compartir novas estratexias de logro.		
CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	Recoñecer o 50% dos estereotipos, rexeitando o 100% dos discriminatorios e prexuízos. De forma guiada, explicar satisfactoriamente o 50% dos casos de diversidade que se presenten.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais, como formas de vida, hábitos, horarios etc., e lingüísticos.	Amosar respecto cara a diversidade de xeito habitual.		
CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Evitar estereotipos de xeito habitual. Valorar positivamente a súa competencia plurilingüe.		
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	Utilizar as convencións máis básicas adecuadamente, cando menos no 50% das ocasións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Uso das estratexias básicas para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais moi breves, elementais e contextualizados.</li> <li>- Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións moi elementais da vida cotiá (identificar unha persoa, transmitir unha listaxe de ítems do léxico aprendido).</li> </ul>

## Contidos

- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saúdos básicos habituais, despedidas e presentacións; identificar características moi elementais de persoas, obxectos e lugares; preguntar e dar respostas concretas sobre cuestións moi básicas cotiás; expresar a cantidade, situar no espazo e secuenciar o presente (horarios e momentos do día).
- Uso de modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (felicitacións, notas, listaxes ou avisos).
- Utilización de unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade (persoas e obxectos) e as súas propiedades (existencia, inexistencia), cantidade e número, e formas elementais de afirmación, exclamación, negación e interrogación.
- Utilización de léxico elemental e de interese para o alumnado relativo a relacións interpersoais elementais e próximas, vivenda e fogar, lugares e contornas próximas.
- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais moi elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura guiada e selección de información como dicionarios, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos elementais de locucións básicas, para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.í).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
3	UD3 - Ma famille	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer o sentido global moi evidente e as informacións específicas máis elementais de textos orais, escritos e multimodais breves e elementais sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma facilmente comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Extraer cando menos o 50% do sentido global moi evidente e da información máis elemental, en textos relacionados coa familia.		
CA1.2 - Usar de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes de textos moi elementais: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	De forma guiada, recoñecer e facer un uso suficiente de estratexias básicas de comprensión en textos moi elementais, neste caso relacionados fundamentalmente coa familia.		
CA1.3 - Comprender descrições, narracións, instrucións moi elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas moi básicos previamente traballados, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito cun ritmo moi pausado e articulando moi claramente.	Comprender cando menos o 50% de descrições, narracións, instrucións moi elementais relacionadas cos membros da familia.	PE	50
CA1.5 - Redactar textos curtos e moi elementais a partir de modelos moi sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	Redactar textos curtos e moi elementais intelixibles, aínda que se cometan erros. Exemplo: descrição dun familiar.		
CA1.6 - Completar formularios e documentos moi elementais nos que se solicite de maneira evidente información persoal moi básica, en soporte tanto impreso como dixital.	Completar cun grao de corrección suficiente (50%) formularios e documentos moi básicos. Exemplo: árbore xenealóxica.		
CA1.7 - Aplicar de forma guiada coñecementos estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	Ter consciencia dalgunhas estratexias e aplicarlas na súa maioría de forma guiada.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.11 - Comprender preguntas elementais e dar e comprender información sinxela relativas á información persoal moi básica (nome, idade, domicilio etc.), así como instrucións e peticións simples relativas ao ámbito escolar.	Comprender e dar a comprender información sinxela cando menos no 50% das veces.		
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Explicar de xeito comprensible e cun grado de corrección do 40% o proceso de produción de textos e de inferencia de significados.		
CA1.4 - Producir oralmente textos curtos moi elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas moi cotiáns prestando atención á articulación, ao ritmo, á acentuación e á entoación para facer o texto intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia.	Producir oralmente textos curtos moi elementais intelixibles, aínda que se cometan erros de pronuncia.		
